

*Resolución do 18 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas seleccionadas e non seleccionadas, a relación de persoas excluídas provisionais e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de dramaturxia (594446).*

*Por unha Resolución do 8 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de dramaturxia (594446)*

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e realizada a valoración dos méritos na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na especialidade antes citada, de acordo co disposto na base sexta da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas seleccionadas e non seleccionadas das listas de interinidades e substitucións, a relación de persoas excluídas provisionais e o baremo provisional e facelas públicas no portal da Internet desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a relación provisional de persoas seleccionadas e non seleccionadas, a relación de persoas excluídas provisionais e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de dramaturxia (594446).

Segundo.- Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es), da relación provisional de persoas seleccionadas, non seleccionadas, a relación de persoas excluídas provisionais e do baremo provisional indicados no apartado anterior.

Terceiro.- De acordo co disposto na base sexta da convocatoria acordada pola Resolución *do 8 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos*, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas seleccionadas, non seleccionadas, a relación de persoas excluídas provisionais e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e



Formación Profesional, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal da Internet. As alegacións así formuladas deberán remitirse tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo [persoal.secundaria@edu.xunta.es](mailto:persoal.secundaria@edu.xunta.es).

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

